

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A SOCIEDADE RECREATIVA E INSTRUCTIVA A ESPERANZA DE MEICENDE PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FÚTBOL.

Dunha parte D. Carlos Calvelo Martínez, maior de idade con Documento Nacional de Identidade 32.824.251-P, Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, que actúa na representación deste que legalmente lle corresponde, e o Secretario Xeral D. José María Vázquez Pita que dá fe do acto.

Doutra parte D. Jesús Vázquez López, maior de idade e como presidente da Sociedade Recreativa e Instructiva A Esperanza de Meicende, con DNI. 32.779.548 - V

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e polo tanto para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

MANIFESTAN

- Que o Concello de Arteixo, ten dentro dos seus fins:
 - a) Universalizar e facilitar o acceso á práctica de Actividade Física e deporte en toda a poboación, co fin de acadar un mellor benestar, potenciando a calidade de vida, e o equilibrio social
 - b) Promocionar e fomentar o deporte de base entre os nenos e nenas do Concello.
 - c) A promoción, fomento, coordinación e organización de actividades e servizos físico-deportivos para contribuír ao desenvolvemento da cultura física da poboación do municipio de Arteixo e moi especialmente das comprendidas nas Escolas Deportivas Municipais.
 - d) Facilitar a utilización das instalacións deportivas municipais ao máximo número posible de cidadáns da localidade.
 - e) Establecer convenios de colaboración con clubs e asociacións para potenciar o asociacionismo deportivo e en aras a conseguir unha maior participación cidadá no sistema deportivo local.
- Que a Sociedade Recreativa e Instructiva A Esperanza de Meicende, ten como finalidade a promoción deportiva e especificamente a práctica do fútbol. Dispoñendo para tal fin de suficiente organización e estando afiliado ás correspondentes Federacións Deportivas (Federación Galega e Española de Fútbol)

- Que dada a común finalidade de promoción e práctica deportiva e co obxecto de coordinar as ofertas deportivas dos seus ámbitos respectivos, se subscribe o presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A Sociedade Recreativa e Instructiva A Esperanza de Meicende (en adiante Club) obrigase á promoción do deporte federado e á organización de eventos segundo a cláusula cuarta, e acollerá a todas as persoas usuarias que cumpran os requisitos que se establezan para a inscrición na mesma sen que, en ningún caso, poidan comportar discriminación por razón de idade, condición física, sexo ou outras circunstancias sociais.

SEGUNDA.-

- a. Para adestramentos e competicións oficiais federadas, o Club gozará dunha bonificación do 100% do importe da cota tributaria sinalada no artigo 5A e 5B da Ordenanza nº 8, taxa por prestación do servizo público do complexo deportivo municipal de Arteixo, prestación de servizos noutras instalacións deportivas e outros servizos análogos, xa que cumpre cos criterios establecidos na referida ordenanza.
- b. Os horarios de adestramentos e actividades serán os que determine a Concellería de Deportes.
- c. A entidade deportiva non poderá percibir cantidade ningunha pola utilización das instalacións deportivas municipais como consecuencia de cesión a terceiros, nin poderá autorizar o seu uso con estes sen expreso consentimento do Concello; virá obrigada ao cumprimento das instrucións de uso que se cursen a través do Servizo Municipal de Deportes.
- d. O Concello de Arteixo resérvase a facultade da utilización das instalacións cedidas, para actos que se programen dentro do ámbito do exercicio das súas competencias municipais.
- e. O presente convenio non exclúe da obrigatoria solicitude anual da distribución de instalacións deportivas municipais á entidade deportiva, sendo competencia municipal a distribución en días e horas que anualmente se determine.
- f. O Concello respectará o acordo que outorgue o correspondente beneficio económico á citada entidade polos dereitos por publicidade que a Entidade Deportiva teña contratadas durante o desenvolvemento dos partidos de Liga ou Copa. A Entidade Deportiva respectará a publicidade institucional que o Concello teña nas súas instalacións. Cando se trate dun acto de mutua colaboración quedará remitido ao acordo que entre as partes se estableza

- g. O Concello comprométese a ceder o uso dun local no Campo de Fútbol Municipal de Meicende

TERCEIRA.- O Club comprométese a colocar publicidade estática institucional do Concello de Arteixo e do Servizo Municipal de Deportes, sen custo engadido para o club, en lugar preferente en todos os encontros de liga e outras competicións ou actos deportivos organizados por esta. Igualmente en cartelería, folletos, entradas e publicidade en xeral editados con ocasión do desenvolvemento de actos deportivos, deberá figurar o logotipo de identificación do Concello, especialmente na uniformidade dos deportistas federados da entidade.

O Servizo Municipal de Deportes, poderá autorizar a existencia de publicidade, estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte, se o solicita o club.

CUARTA.- O Club obrígase ademais a:

- a) Colaborar co Concello na organización e realización dos xogos deportivos municipais, eventos deportivos populares, torneos, campus e calquera outra actividade que contribúa a promoción do fútbol, entre elas o Día do Deporte na Rúa. Tal colaboración traducirase en coordinación técnica, apoio do persoal do Club, difusión da actividade, axuda na montaxe e desmontaxe de esta e todo canto requira a organización dos eventos.
- b) Presentar á Concellería de Deportes e levar a cabo en setembro de cada ano un programa de actividades
- c) Nomear un responsable do programa de actividade que actuará como interlocutor válido cos servizos técnico-deportivos municipais.
- d) Manter as instalacións que utilicen en perfectas condicións e informar ao Servizo Municipal de Deportes de cantas incidencias se produzan nas mesmas. Tal Servizo, cando así o considere, inspeccionará o uso que se faga destas.
- e) Asistir a cantas reunións sexan convocadas polo Servizo Municipal de Deportes facilitando todo tipo de información relativa á actividade que lle sexa requirida por estes.
- f) Presentar unha memoria final de tempada de acordo co programa de actividades desenvolvido, antes do 30 de novembro, de cada ano.
- g) A entidade comprométese á cesión de unha sala do local social para a impartición de algunha actividade deportiva puntual, en caso de necesidade.

QUINTA.- O Concello aportará ao Club, como axuda á promoción do deporte federado a cantidade de 15.000,00 €, sendo ingresado con cargo ao orzamento do 2022, anticipando o 50 por 100 (7.500 €) no momento da sinatura do convenio e o 50 por 100 restante cando xustifiquen o 100% do importe do convenio (antes do 30 de novembro).

SEXTA.- A xustificación do convenio realizarase mediante a presentación da conta xustificativa coa documentación referida ao efecto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo, **antes do 30 de novembro**, contendo como mínimo o seguinte:

A xustificación do convenio realizarase mediante a presentación da conta xustificativa coa documentación referida ao efecto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo, **antes do 30 de novembro**, contendo como mínimo o seguinte:

- **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006, de 21 de xullo)
- **Memoria económica xustificativa** (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo) dos gastos e investimentos da actividade, acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar na factura o “recibí” co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación
- Detalle de **outros ingresos** de natureza privada (cotas ou aportacións de socios, cofinanciamento de socios ou persoas beneficiarias nas actividades recibidas...)
- Detalle de **outras achegas ou subvencións** de fondos públicos que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia
- Certificado, de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto e presentar certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia e co Concello de Arteixo.
- Declaración de non atoparse a entidade incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.
- Declaración conforme a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.
- Facturas orixinais relativas aos gastos. Os documentos admitidos como xustificantes (facturas, nóminas e outros documentos de valor probatorio) deberán aplicar, no seu caso, as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan. A substitución da factura por outro tipo de xustificante deberá respectar os supostos previstos no artigo 4 do RD1496/2003, Regulamento de Facturación.
- Gastos sufragables: Son aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria. Deberase acreditar fielmente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade subvencionada. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:
 - o *Licencias federadas dos deportistas, co correspondente certificado federativo.*

- o *Mutualidade, seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.*
- o *Arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.*
- o *Transporte interno, por medio de facturas, acompañadas de calendario oficial de competicións.*
- o *Retribucións a persoal técnico, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá o recibín cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.*
- o *Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia.*
- o *Custos por inscrición de equipos ou deportistas para participar en competicións oficiais federadas.*
- o *Material deportivo funxible (non inventariable). As facturas presentadas deberán desglosar especificamente o material deportivo comprado. Non se admitirán facturas con conceptos xenéricos.*
- o *Gastos de mantemento (aluguer, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina. (non poderá superar o importe total do 20% do importe a xustificar)*
- o *Gastos de manutención e hospedaxe correspondentes a calendarios de competición oficiais da correspondente federación deportiva.*
- o *Gastos de publicidade e imprenta das actividades deportivas*
- o *Gastos de trofeos e medallas*
- o *Gastos en federacións deportivas (licencias, canon de participación, seguros, arbitraxes e outros). Este tipo de gastos poderán ser xustificados a través de certificados emitidos polas federacións deportivas que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as aportacións económicas desglosadas, as retencións obrigatorias de ser o caso; e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do acto.*
- o *Gastos financeiros relativos aos pagos por transferencias bancarias relacionados co obxecto da subvención.*

- Gastos non sufragables

- o *Aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada*
- o *Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.*
- o *Non serán xustificables gastos de comidas ou bebidas.*
- o *Os que se realicen fóra do prazo de execución establecido na presente convocatoria.*
- o *Os intereses deudores das contas bancarias*
- o *Intereses, recargos e sancións administrativas e / ou deportivas*
- o *Os gastos de procedementos xudiciais*

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirao para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- o *Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250€.*
- o *Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.*

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvención.

SÉTIMA.- O presente Convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

OITAVA.- O club disporá dunha póliza de responsabilidade civil, sendo a tomadora a entidade deportiva. Os seus compoñentes estarán en posesión da ficha federativa en vigor coa súa mutualidade deportiva, ou no seu defecto, dun seguro de accidentes que garanta a atención médica primaria e hospitalaria dos usuarios da entidade deportiva. Tanto a póliza de responsabilidade civil coma a de accidentes, manterán a súa vixencia e actualización económica polo tempo de duración do presente convenio.

NOVENA.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Convenio, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte do Club de calquera das obrigas no mesmo contidas.

E en proba da conformidade ambas parte subscriben este convenio, a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

POLO CONCELLO DE ARTEIXO

POLA SRI A ESPERANZA MEICENDE

Asdo.: Carlos Calvelo Martínez
Alcalde

Asdo.: Jesús Vázquez López
Presidente

ANTE MÍN,
O Secretario,

Asdo.: José María Vázquez Pita



Telfs: 981 600 009 – 981 659 000
web. www.arteixo.org



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
“Una manera de hacer Europa”